

Delegados/as e responsábeis da CIG-Ensino do sector de menores péchanse en Política Social para esixir á conselleira que interveña para mellorar as súas condicións laborais e a atención que prestan

O sindicato representa a maioría dos arredor de 1000 traballadores e traballadoras que prestan servizo en preto de 80 centros pertencentes a organizacións, fundacións, asociacións e entidades de diferente tipo.

Concentración e peche en San Caetano esta mañá de representantes do sector de protección de menores e de reforma xuvenil e da CIG para reclamar unha xuntanza coa conselleira de Política Social da Xunta de Galiza, Fabiola García, para trasladarlle as súas reivindicacións laborais, sociais e salariais, así como que se garanta a máxima calidade e seguridade tanto para o persoal traballador como para os usuarios e usuarias e se dote os centros de traballo de recursos materiais e didácticos axeitados e de instalacións dignas.

Vai aló máis de un ano desde que se presentou a solicitude de reunión coa conselleira co aval de máis do 60% de sinaturas do persoal traballador deste sector en Galiza dentro da campaña “Polas melloras laborais, sociais e salariais: convenio galego xa!” posta en marcha pola CIG-Ensino. Dita reunión foi de novo solicitada despois dunha xuntanza co Grupo Parlamentar do PP, quedando os seus membros de interceder para que se producira dito encontro, así como por rexistro dixital da Xunta de Galiza unha vez transcorridas as eleccións autonómicas, mediante correo electrónico ao gabinete da conselleira e de múltiples chamadas telefónicas, obtendo sempre falsas promesas por resposta.

A CIG-Ensino, como sindicato maioritario neste sector en Galiza, concentrouse esta mañá diante da Xunta en Compostela para facer o enésimo



Convenio galego XA!
Centros de reforma xuvenil e protección de menores

SALARIOS DIGNOS
MÁIS RECURSOS
REDUCIR RATIOS
MELLORAS LABORAIS
MELLOR SERVIZO
MAIORES ORZAMENTOS

Concentracións nos Centros de Traballo
10 de xuño
#ConvenioGalegoMenoresXa

Comparte a túa concentración
Envíanos as fotos a galiza@cig-ensino.gal

Convenio galego XA!
Centros de reforma xuvenil e protección de menores

chamamento á conselleira de Política Social para que escoite un sector tan vulnerábel como o da atención aos menores que están en réxime de tutela da Xunta ou nos centros de reforma xuvenil. A indiferencia amosada neste tempo pola máxima responsábel de velar por este colectivo (arredor dun milleiro de menores) demostra que o seu departamento non está poñendo os coidados como prioridade dentro das súas políticas sociais. Cómpre lembrar que a nosa é a cuarta comunidade do Estado con máis número de crianzas en centros.

Para Germán Estévez, presidente do comité do centro de Monteleido, de Ourense, “é urxente investir

nestes centros sen ánimo de lucro e que a conselleira se implique (como tamén lle esixen as patronais galegas) na negociación dun convenio galego digno, o único camiño dunhas mellores condicións laborais, salariais e sociais, así como dun mellor servizo de calidade aos usuarios e usuarias. Hai pouco coñecemos a trágica nova dunha educadora asasinada en Estremadura que nos sacudiu a todos e todas como sociedade. Estes feitos afortunadamente son illados pero hai que poñer todos os medios para que non se produzan. É obriga da administración velar pola protección e seguridade tanto do persoal traballador dos arredor de 80 centros que existen en Galiza, nos que se atenden maioritariamente a menores vulnerábeis pero tamén a aqueles que cumpren internamento tras a comisión de diversos tipos de delitos, que son 4 en toda Galiza, un deles precisamente o de Monteledo”.

As ratios persoal/educador que ten que atender quendas de 24 horas por usuario son moi altas. “Hai que ter en conta que en moitos centros os usuarios e usuarias teñen idades moi dispares, con necesidades tamén moi diferenciadas, con trastornos de conduta, discapacidade e na práctica totalidade dos casos nunha situación moi vulnerábel desde o punto de vista social e familiar. É inviábel garantir unha boa atención coa escasa achega económica que teñen estes centros, dado que cada neno ou nena, ou cada mozo ou moza precisa antes de nada a estabilidade do seu persoal e iso só se garante con condicións dignas. Este traballo é moi vocacional pero moi duro, de aí que non poida abusarse desa vocación porque senón abandónase rapidamente”, engadiu.

Peché na Consellaría



Simultaneamente á concentración, representantes e delegadas da CIG pecháronse nas dependencias da Consellaría de Política Social para esixir ser

atendidas pola conselleira. Finalmente, o director xeral de Familia, Jacobo Rey, comprometeuse a recibilos neste mes e a secretaria de Fabiola García a que proximamente se lles comunicaría unha data.

Á saída, o responsábel de Ensino Privado do sindicato nacionalista, Henrique García, insistiu en que “a Consellaría non pode seguir empregando o precario V Convenio estatal do sector para orzamentar as partidas que destina aos concertos sociais coas Asociacións e Federacións que xestionan estes servizos públicos, pois o actual marco de negociación estatal non dá resposta ás reivindicacións e necesidades laborais e salariais do persoal traballador galego, nin tampouco ás características e situacións dos centros galegos”. Neste sentido puxo como exemplo a xestión do centro Concepción Arenal da Coruña, que xa é a segunda vez que queda deserta a súa licitación porque ningunha entidade se presenta ao concurso. A actual xestora, Fundación Camiña Social, só ten obriga de continuar prestando este servizo até o mes de setembro polo que os usuarios e usuarias poden quedar desatendidos a partir desa data se o novo concurso, previsto para xullo, queda de novo deserto.

Convenio galego digno, a reivindicación unánime do sector

O V convenio estatal de centros de reforma xuvenil e de protección de menores é rexeitado por precario polo persoal traballador galego (só o asinou unha minoría sindical na Galiza) e polas propias patronais galegas, AGACEME e GAFIX, coas que a CIG mantén puntos de confluencia no sentido de negociar un convenio galego, abrindo un Marco Galego de Relacións Laborais no sector, toda vez que as competencias tenas todas a Xunta de Galiza. “As dúas partes, social e patronal, reivindicamos unhas táboas salariais autonómicas nas que en todos os centros, sen excepcións, o persoal cobre xa en 2026 as novas táboas asinadas no V Convenio estatal (e non teñan que esperar a novos pregos de contratación ou a 2029), máis un complemento autonómico que dignifique estes salarios, tal e como esixe a CIG-Ensino que se negocie, con vistas a acadarmos a curto prazo o I Convenio Galego de Atención a Menores”, explicou Henrique García.

O sector en Galiza, ao borde do colapso

En Galiza este sector está practicamente privatizado con só un 20% dos centros de titularidade pública. Nos arredor de 80 centros privados traballan máis de 800 traballadores/as que atenden a máis dun milleiro de menores en centros en réxime pechado (como os de reforma), semi-aberto (como os centros de intervención educativa en medio aberto), réxime aberto e pisos tutelados (nos que se traballa con menores en situación de vulnerabilidade), así como nos puntos de encontro. Centros todos eles que a día de hoxe están sobreesaturados, quedando menores sen poder ser atendidos.

A CIG-Ensino, por boca dos seus delegados e delegadas de persoal, denuncia tamén que faltan recursos materiais e humanos, a revisión e a mellora da maioría das instalacións actuais, a creación de novas prazas e que se atendan as reivindicacións do persoal traballador, máis ante a inminente falta de persoal para contratar que se están atopando as Asociacións e Federacións sen ánimo de lucro que xestionan indirectamente este tipo de centros e a fuga do seu persoal cualificado. “Non se pode permitir que por facer o mesmo traballo nun servizo público esencial, que debería xestionar a administración, haxa entre 500 e 800€ de diferenza salarial mensual entre persoal de xestión pública e externa, ademais de diferenzas nas condicións laborais: de xornada, ITs, permisos e licenzas, dereitos sociais...; así como outros referidos a ratios abusivas, escasos recursos, falta de materiais, non cobertura de baixas nin das necesidades mínimas de persoal, instalacións en malas condicións...”, enumerou Germán Estévez.

Por outra banda, a CIG-Ensino segue a reivindicar máis protección e vixilancia nos centros de intervención social, nos que os menores cumpren medidas xudiciais de privación de liberdade, para que se reforce o persoal na atención directa, a baixada nas rateos, ademais doutro tipo de melloras de ámbito laboral e social, “no camiño de non termos que lamentar unha desgraza coma o asasinato de Badaxoz, o cal nos ten que servir para aprender e prever escoitando o persoal que sofre, padece e denuncia a precariedade no sector e ao que nin sequera se lle recibe nunha xuntanza”.



A asemblea delegados/as da CIG-Ensino dos centros de reforma xuvenil e protección de menores decidiu dar continuidade ás mobilizacións do sector.

Ao remate do peche e da concentración diante da Consellaría de Política Social, en San Caetano no edificio da Xunta de Galiza, os delegados e delegadas do sector de atención aos menores e responsables da CIG-Ensino realizaron unha xuntanza na que acordaron dar continuidade á campaña “**Polas melloras laborais, sociais e salariais: convenio galego de menores xa!**”, coa finalidade de sensibilizar e concienciar ao persoal sobre a situación de precariedade e inseguridade que se dá nestes centros de atención a menores, trasladar a información sobre o traballo feito pola CIG-Ensino e comunicar as futuras mobilizacións que requiren da máxima participación do persoal traballador para acadarmos as seguintes reivindicacións:

- Que todo o persoal cobre en 2026 os incrementos salariais acordados no V convenio estatal, sen depender de cando asinen novos pregos de xestión, contratos, concertos... creando unhas táboas salariais galegas.
- Que se cree un **Complemento salarial autonómico** que dignifique salarios e acade a **homologación salarial nas mesmas categorías**, nos distintos tipos de centros, sen esperar a 2029.
- Que constituído o **Marco Galego de Relacións Laborais no sector** se negocie o “**I Convenio Galego de atención a Menores**”, que dignifique as condicións laborais e sociais.
- **Que se cree unha Mesa Tripartita do sector de menores** no que as tres partes, administración, patronal e social, formen parte e onde se negocien outros temas como ratios, concertos sociais...

Acordouse levar a cabo as seguintes accións reivindicativas:

- Facer asembleas informativas e/ou repartos en todos os centros do sector, entre os traballadores e traballadoras, para rematar coa **convocatoria de concentracións diante dos centros de traballo o próximo día 10 de xuño** e unha ampla **divulgación de fotos e videos nas redes sociais co hashtag #conveniogalegomenoresXa** e mandalas co nome do centro ao correo galiza@cig-ensino.gal. As concentracións poden ser en grupos ou individuais e con cartaces reivindicativos propios ou cos modelos que vos facilitará a CIG-Ensino.
- **Na semana seguinte do 16 ao 20 de xuño faranse concentracións diante das Xefaturas Territoriais de Política Social nas cidades de Ourense e A Coruña.** Comunicarase o día, hora e lugar concreto, sempre que non nos reciba nin o Director Xeral, Jacobo Rey, nin a Conselleira, Fabiola García, tal e como se comprometeron no peche realizado o 15 de maio ou sempre que na xuntanza non se comprometan a colaborar e promover as negociacións nun Marco Galego de Relacións Laborais, cousa que coincidimos e compartimos coas patronais maioritarias na Galiza AGACEME e GAFIX.

A CIG-Ensino, ademais de ser o sindicato maioritario no sector, é a única OO.SS que aposta e traballa por un Ámbito Galego de Relacións Laborais no camiño de acadar o “I Convenio Galego de Menores”. Para garantir isto, e que poidades participar e opinar nas reivindicacións e nas futuras

negociacións, é preciso que os centros de traballo vos organicedes sindicalmente facendo as eleccións sindicais en torno ao modelo sindical da CIG-Ensino: reivindicativo, combativo e asembleario. **A solución está nas vosas mans e máis agora que os convenios autonómicos teñen prevalencia sobre os estatais, tal e como recolle unha nova norma do Estatuto dos Traballadores e Traballadoras.**

Cartel de concentración para o Convenio Galego XA! O cartel ten un fondo vermello na parte superior e inferior, e un fondo azul na parte central. No centro, hai un círculo vermello co logo da CIG-Ensino. Arredor do círculo, hai seis cartaces negros con letras brancas que dicen: SALARIOS DIGNOS, MÁIS RECURSOS, REDUCIR RATIOS, MELLOR LABORAIS, MELLOR SERVIZO e MAIORES ORZAMENTOS. Cada cartace é sostido por unha man branca. Abaixo do círculo, hai o texto 'Concentracións nos Centros de Traballo 10 de xuño #ConvenioGalegoMenoresXa'. Na parte inferior, hai o texto 'Convenio galego XA!' e 'Centros de reforma xuvenil e protección de menores'.

Convenio galego XA!
Centros de reforma xuvenil e protección de menores

SALARIOS DIGNOS
MÁIS RECURSOS
REDUCIR RATIOS
MELLOR LABORAIS
MELLOR SERVIZO
MAIORES ORZAMENTOS

Concentracións nos Centros de Traballo
10 de xuño
#ConvenioGalegoMenoresXa

Comparte a túa concentración
Envíanos as fotos a galiza@cig-ensino.gal

Convenio galego XA!
Centros de reforma xuvenil e protección de menores

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal